



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2019/13

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
LUNS, 9 DE SETEMBRO DE 2019

No día de hoxe, ás **08:20 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN EXTRAORDINARIA** do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

ASISTEN:

PP (GPM do PP)

RAMON MARTINEZ RIAL

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

BNG (Grupo Mixto)

ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:

IVAN BERMUDEZ CASTRO (*PSdG-PSOE*)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

1. Aprobación, se procede, do seguinte ditame: POS Complementario 2019
2. Aprobación, se procede do seguinte ditame: Festivos Locais para o 2020
3. Aprobación, se procede do seguinte ditame: SC/ 10.19 para axuste de proxecto de gasto.
4. Aprobación, se procede do seguinte ditame: Réxime en situación de IT dos cargos políticos.

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO SEGUINTE DITAME: POS COMPLEMENTARIO 2019.

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 30.08.2019) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

.....

DITAME, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ACORDO DO POS COMPLEMENTARIO 2019.

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

<<1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE GALERÍAS PARA A CASA CONSISTORIAL	20.715,00	0,00	20.715,00
TOTAL	20.715,00	0,00	20.715,00

Maior achega provincial asignada ao concello	321.513,60
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	300.798,59
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	20.715,00

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

.....

A Alcadesa pregunta se hai intervencións. Ante a ausencia de intervencións somete o asunto a votación. 3

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE GALERÍAS PARA A CASA CONSISTORIAL	20.715,00	0,00	20.715,00
TOTAL	20.715,00	0,00	20.715,00





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Maior achega provincial asignada ao concello	321.513,60
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	300.798,59
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	20.715,00

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO SEGUINTE DITAME: FESTIVOS LOCAIS PARA O 2020.

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 30.08.2019) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

.....

DITAME, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O 2020.

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por seis (6) votos a favor (concelleiros/as PP, Sr. Paradela Busto e Sr. Moledo Carreño) e unha (1) abstención (Sra. González Bargo), sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

<<En cumprimento da normativa vixente, é preciso que polo Pleno Corporativo se designen os festivos locais para o vindeiro ano 2020.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que no Concello de Lousame teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Fixar como días festivos locais para o ano 2020 os seguintes:

- Luns, día 10 de agosto, San Lourenzo.
- Venres, día 2 de outubro, San Roquiño.

Segundo: Remitir certificado deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria>>

.....
A Alcadesa pregunta se hai intervencións. Ante a ausencia de intervencións somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (Sres./Sras. Concelleiros/as do PP, Sr. Paradela Busto e Sr. Moledo Carreño) e unha (1) abstención (Sra. González Bargo), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<En cumprimento da normativa vixente, é preciso que polo Pleno Corporativo se designen os festivos locais para o vindeiro ano 2020.

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que no Concello de Lousame teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

Primeiro: Fixar como días festivos locais para o ano 2020 os seguintes:

- Luns, día 10 de agosto, San Lourenzo.
- Venres, día 2 de outubro, San Roquiño.

Segundo: Remitir certificado deste acordo á Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria>>

3) APROBACIÓN, SE PROCEDE DO SEGUINTE DITAME: SC/ 10.19 PARA AXUSTE DE PROXECTO DE GASTO.

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 30.08.2019) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

.....





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

DITAME, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SC/ 10.19 PARA AXUSTE DE PROXECTO DE GASTO

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Na sesión plenaria extraordinaria do 28.02.2019 aprobose inicialmente o Suplemento de Crédito 10.2019, para unha serie de investimentos. Entre eles, figuraba o seguinte, cun gasto total de **18.119,52 €**:

Aplicación Orzamentaria	Crédito actual	Aumento que se propón	Fin a que se destinan
920 62500	4.300,00	13.819,52	Adquisición 5 arquivadores para Arquivo municipal

Segundo: O Suplemento de Crédito 10.2019 entrou en vigor, coa publicación da súa aprobación definitiva no BOP, núm. 62 do 01.04.2019.

Terceiro: Adquiridos os arquivadores, procedeuse á execución do gasto orzamentario, coa seguinte desagregación:

Nº Operación	Fase	Data	Aplicación	Importe	Terceiro	Factura
220190001459	RC	03/04/2019	2019 920 62500	18.119,52		
220190002349	ADO	30/05/2019	2019 920 62500	18.119,52	EUN SISTEMAS SL	16
220190002350	P	30/05/2019	2019 920 62500	18.119,52	EUN SISTEMAS SL	16
220190002405	R	30/05/2019	2019 920 62500	18.119,52	EUN SISTEMAS SL	16

O financiamento deste investimento, quedaba do seguinte xeito:

Importe do investimento	18.119,52
Créditos iniciais 2019	4.300,00
SC 10.19	13.819,52

Cuarto: O 26.06.2019, recíbese notificación da Xunta de Galicia, da concesión dunha subvención para o investimento anterior, por importe de 6.738,66 €, que debe ser destinada ao seu obxecto; isto é, o financiamento do anterior investimento.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Así, unha vez xerado o crédito grazas á MC 33.2019 (aprobada por Resolución da Alcaldía 431 do 02.08.2019) e creado o proxecto de gasto (37.19), o financiamento do investimento queda do seguinte xeito:

Importe do investimento	18.119,52
Créditos iniciais 2019	0,00
Subvención Xunta de Galicia	6.738,66
SC 10.19	13.819,52
Exceso de financiamento vía SC 10.19	2.438,66

Quinto: Existindo un exceso de financiamento, é preciso aprobar un Suplemento de Crédito barrado, por importe de 2.438,66 €, reintegrando o dito exceso ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Á vista do exposto, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar inicialmente un suplemento de crédito barrado, na Modificación Orzamentaria 10.2019, por importe de 2.438,66 €, reintegrando o exceso de financiamento no proxecto de gasto 37.19, ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Segundo: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo>>

.....
A Alcadesa pregunta se hai intervencións. Ante a ausencia de intervencións somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<**Antecedentes Administrativos:**

Primeiro: Na sesión plenaria extraordinaria do 28.02.2019 apróbase inicialmente o Suplemento de Crédito 10.2019, para unha serie de investimentos. Entre eles, figuraba o seguinte, cun gasto total de **18.119,52 €**:

Aplicación Orzamentaria	Crédito actual	Aumento que se propón	Fin a que se destinan
920 62500	4.300,00	13.819,52	Adquisición 5 archivadores para Arquivo municipal

Segundo: O Suplemento de Crédito 10.2019 entrou en vigor, coa publicación da súa aprobación definitiva no BOP, núm. 62 do 01.04.2019.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Terceiro: Adquiridos os arquivadores, procedeuse á execución do gasto orzamentario, coa seguinte desagregación:

Nº Operación	Fase	Data	Aplicación	Importe	Terceiro	Factura
220190001459	RC	03/04/2019	2019 920 62500	18.119,52		
220190002349	ADO	30/05/2019	2019 920 62500	18.119,52	EUN SISTEMAS SL	16
220190002350	P	30/05/2019	2019 920 62500	18.119,52	EUN SISTEMAS SL	16
220190002405	R	30/05/2019	2019 920 62500	18.119,52	EUN SISTEMAS SL	16

O financiamento deste investimento, quedaba do seguinte xeito:

Importe do investimento	18.119,52
Créditos iniciais 2019	4.300,00
SC 10.19	13.819,52

Cuarto: O 26.06.2019, recíbese notificación da Xunta de Galicia, da concesión dunha subvención para o investimento anterior, por importe de 6.738,66 €, que debe ser destinada ao seu obxecto; isto é, o financiamento do anterior investimento.

Así, unha vez xerado o crédito grazas á MC 33.2019 (aprobada por Resolución da Alcaldía 431 do 02.08.2019) e creado o proxecto de gasto (37.19), o financiamento do investimento queda do seguinte xeito:

Importe do investimento	18.119,52
Créditos iniciais 2019	0,00
Subvención Xunta de Galicia	6.738,66
SC 10.19	13.819,52
Exceso de financiamento vía SC 10.19	2.438,66

Quinto: Existindo un exceso de financiamento, é preciso aprobar un Suplemento de Crédito barrado, por importe de 2.438,66 €, reintegrando o dito exceso ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Á vista do exposto, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar inicialmente un suplemento de crédito barrado, na Modificación Orzamentaria 10.2019, por importe de 2.438,66 €, reintegrando o exceso de financiamento no proxecto de gasto 37.19, ao Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

Segundo: Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante o prazo de 15 días hábiles, durante os cales o interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamacións ante o Pleno Corporativo>>

4) APROBACIÓN, SE PROCEDE DO SEGUINTE DITAME: RÉXIME EN SITUACIÓN DE IT DOS CARGOS POLÍTICOS.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 30.08.2019) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

DITAME, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE RÉXIME EN SITUACIÓN DE IT DOS CARGOS POLÍTICOS.

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por cinco (5) votos a favor (concelleiros/as PP e Sr. Moledo Carreño) e dúas (2) abstencións (concelleiros/as do PSdG-PSOE), sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

<<Antecedentes Administrativos:

Primeiro: Na sesión plenaria **organizativa**, con carácter de extraordinaria e urxente, que tivo lugar o **04.07.2019** aprobáronse, en aplicación do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), os cargos electos que serían desempeñados en réxime de dedicación exclusiva e parcial. Sen embargo, neste acordo plenario, non se incluíu ningún tipo de regulación para o suposto de que as persoas que desempeñan os ditos cargos estean en situación de incapacidade temporal (IT)

Segundo: O actual réxime aplicable ao persoal funcionario do Concello de Lousame, deriva da regulación contida na Disposición Final 2ª da LRBRL, que sinala:

<<1. Los funcionarios públicos de la Administración local tendrán la misma protección social, en extensión e intensidad, que la que se dispense a los funcionarios públicos de la Administración del Estado y estará integrada en el Sistema de Seguridad Social>>

Partindo de que os funcionarios locais teñen a mesma protección que os funcionarios da Administración do Estado, deberemos acudir á regulación que nesta materia se ditou respecto ao persoal ao servizo da AXE ao amparo do establecido na DA 54ª da LOXE (Lei de Orzamentos xerais do Estado) 2018, que sinala:

<<1.ª Respecto al personal funcionario incluido en el Régimen General de Seguridad Social y al personal estatutario y laboral, se podrá establecer un complemento retributivo desde el primer día de incapacidad temporal que, sumado a la prestación del Régimen General de la Seguridad Social, alcance hasta un máximo del cien por cien de sus retribuciones fijas del mes de inicio de la incapacidad temporal>>

En desenvolvemento da DA 54ª da LOXE para o 2018, ditouse o Real Decreto 956/2018, do 27 de xullo, polo que se aproba e publica o *Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da AXE o 23.07.2018*, relativo ao réxime retributivo da situación de IT do persoal ao servizo da AXE e Organismos ou Entidades Públicas dependentes.

Este RD 956/2018, do 27 de xullo, recoñece un complemento retributivo a percibir en situación de IT ou licenza por enfermidade, que sumado á prestación do réxime xeral da SS, alcance o 100% das retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal, que será de aplicación desde o primeiro día de baixa médica ao persoal funcionario e laboral da AXE, e por ende, conforme ao exposto, aos funcionarios da Administración Local; en virtude da DF 2ª da LRBRL.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Terceiro: O actual réxime aplicable ao persoal laboral do Concello de Lousame, deriva do acordo plenario adoptado na sesión plenaria do 22.03.2019, en aplicación da DA 54ª da LOXE 2018, e co obxecto de equiparalo ao persoal funcionario municipal. Así o Pleno do Concello de Lousame, aprobou para o seu persoal laboral, o seguinte réxime retributivo da situación de Incapacidade Temporal:

- O persoal do Concello de Lousame que se atope en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade percibirá un complemento retributivo, dende o primeiro día en situación de IT ou de disfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance o 100% das retribucións fixas e ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal ou licenza.

Cuarto: O artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, permite outorgar eficacia retroactiva aos actos cando produzan efectos favorables aos interesados, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraia a eficacia do acto e non se lesionen dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

Sendo preciso regular esta materia, o Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 75 da LRBRL, **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar o seguinte réxime retributivo da situación de Incapacidade Temporal para os cargos electos con dedicación exclusiva e parcial:

- Os cargos electos (con dedicación exclusiva e parcial) do Concello de Lousame que se atopen en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade percibirán un complemento retributivo, dende o primeiro día en situación de IT ou de disfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime da Seguridade Social que corresponda, alcance o 100% das retribucións fixas e ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal ou licenza.

Segundo: Outorgar ao presente acordo eficacia retroactiva, dende o 04.07.2019, momento no que se aprobou polo Pleno Corporativo o réxime retributivo dos cargos electos con dedicación exclusiva e parcial para o mandato 2019-2023.

Terceiro: Por aplicación do artigo 75.5 da LRBRL, este acordo plenario será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Editos do Concello>>

.....

A Alcadesa pregunta se hai intervencións. Ante a ausencia de intervencións somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por oito (8) votos a favor (emitidos polos Sres./Sras. Concelleiros/as do GPM do PP e Sr. Moledo Carreño) e dúas (2) abstencións (emitidas polos Sres./Sras. Concelleiros/as do GPM do PSDG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<**Antecedentes Administrativos:**





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Primeiro: Na sesión plenaria **organizativa**, con carácter de extraordinaria e urxente, que tivo lugar o **04.07.2019** aprobáronse, en aplicación do artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), os cargos electos que serían desempeñados en réxime de dedicación exclusiva e parcial. Sen embargo, neste acordo plenario, non se incluíu ningún tipo de regulación para o suposto de que as persoas que desempeñan os ditos cargos estean en situación de incapacidade temporal (IT)

Segundo: O actual réxime aplicable ao persoal funcionario do Concello de Lousame, deriva da regulación contida na Disposición Final 2ª da LRBRL, que sinala:

<<1. Los funcionarios públicos de la Administración local tendrán la misma protección social, en extensión e intensidad, que la que se dispense a los funcionarios públicos de la Administración del Estado y estará integrada en el Sistema de Seguridad Social>>

Partindo de que os funcionarios locais teñen a mesma protección que os funcionarios da Administración do Estado, deberemos acudir á regulación que nesta materia se ditou respecto ao persoal ao servizo da AXE ao amparo do establecido na DA 54ª da LOXE (Lei de Orzamentos xerais do Estado) 2018, que sinala:

<<1.ª Respecto al personal funcionario incluido en el Régimen General de Seguridad Social y al personal estatutario y laboral, se podrá establecer un complemento retributivo desde el primer día de incapacidad temporal que, sumado a la prestación del Régimen General de la Seguridad Social, alcance hasta un máximo del cien por cien de sus retribuciones fijas del mes de inicio de la incapacidad temporal>>

En desenvolvemento da DA 54ª da LOXE para o 2018, ditouse o Real Decreto 956/2018, do 27 de xullo, polo que se aproba e publica o *Acordo adoptado pola Mesa Xeral de Negociación da AXE o 23.07.2018*, relativo ao réxime retributivo da situación de IT do persoal ao servizo da AXE e Organismos ou Entidades Públicas dependentes.

Este RD 956/2018, do 27 de xullo, recoñece un complemento retributivo a percibir en situación de IT ou licenza por enfermidade, que sumado á prestación do réxime xeral da SS, alcance o 100% das retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal, que será de aplicación desde o primeiro día de baixa médica ao persoal funcionario e laboral da AXE, e por ende, conforme ao exposto, aos funcionarios da Administración Local; en virtude da DF 2ª da LRBRL.

Terceiro: O actual réxime aplicable ao persoal laboral do Concello de Lousame, deriva do acordo plenario adoptado na sesión plenaria do 22.03.2019, en aplicación da DA 54ª da LOXE 2018, e co obxecto de equiparalo ao persoal funcionario municipal. Así o Pleno do Concello de Lousame, aprobou para o seu persoal laboral, o seguinte réxime retributivo da situación de Incapacidade Temporal:

- O persoal do Concello de Lousame que se atope en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade percibirá un complemento retributivo, dende o primeiro día en situación de IT ou de disfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime xeral da Seguridade Social, alcance o 100% das retribucións fixas e ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal ou licenza.

Cuarto: O artigo 39.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, permite outorgar eficacia retroactiva aos actos cando produzan efectos favorables aos interesados, sempre que os supostos de feito necesarios existiran na data á que se retrotraía a eficacia do acto e non se lesionen dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

Sendo preciso regular esta materia, o Pleno Corporativo, en aplicación do artigo 75 da LRBRL, **ACORDA:**

Primeiro: Aprobar o seguinte réxime retributivo da situación de Incapacidade Temporal para os cargos electos con dedicación exclusiva e parcial:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Os cargos electos (con dedicación exclusiva e parcial) do Concello de Lousame que se atopen en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade percibirán un complemento retributivo, dende o primeiro día en situación de IT ou de desfrute da licenza por enfermidade que, sumado á prestación do réxime da Seguridade Social que corresponda, alcance o 100% das retribucións fixas e ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal ou licenza.

Segundo: Outorgar ao presente acordo eficacia retroactiva, dende o 04.07.2019, momento no que se aprobou polo Pleno Corporativo o réxime retributivo dos cargos electos con dedicación exclusiva e parcial para o mandato 2019-2023.

Terceiro: Por aplicación do artigo 75.5 da LRBRL, este acordo plenario será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Editos do Concello>>

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás oito horas e trinta e cinco minutos (08:35 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

